

Ollos de aula



ANO I - Nº 1 - Outubro 2012

Revista para as familias do alumnado

Nace *Ollos
de aula!*

6 claves para
empezar ben o
curso

Lei de
educación



CEIP CAMPOLONGO

- INICIO
- SECRETARÍA
- EQUIPO HUMANO
- EDL
- BIBLIOTECA
- ESCOLA UNESCO
- INSTALACIONES
- VÍDEOS
- ÁLBUM FOTOS
- ENLACES
- ANPA
- TABOLEIRO
- CIRCULARES
- XOGOS
- TRABALLOS



WEB DO COLE COS
DIFERENTES BLOGUES



Noticias recentes:

ANPA: Convocatoria reunión excursión 6º o 22/10/12
ANPA: Oferta actividades extraescolares
Circular números 11 e 12
Fotos Educación Infantil, probando sabores 2º D
Calendario Escolar curso 2012-2013
Lista de Libros de texto curso 2012-2013



GHAFOS	XAFI	E. Infantil Pequerechos	1º Ciclo	Educación Física	Música
Normalización Lingüística	Biblioteca				

1- O Equipo de Normalización é o punto de encontro
Estamos para sumar vontades, por pequenas que sexan. Estamos para innovar e dinamizar. Estamos para facer cousas concretas nas que poida participar calquera membro da comunidade educativa.

2- O galego: a lingua dos meus, a lingua dos nosos, a miña lingua
A lingua dos meus avós e das miñas avoas, a lingua dos meus pais, a dos meus fillos e a das miñas fillas... a lingua da miña comunidade. E a miña lingua a pesar de que non ma ensinaron na casa.

3- O centros serían moito menos sen os Equipos de Normalización
Porque buscamos que o alumnado nos faga ver as súas demandas. Pola súa colaboración con todos/as. Pola súa visión integradora da nosa lingua na comunidade educativa.

4- Orgullosos do noso, orgullosos do galego. Orgullosas do noso, orgullosas do galego
Demostramos o respecto polas outras linguas mostrando o orgullo pola nosa. Poñemos en valor a nosa cultura e a nosa lingua dentro dun mundo plurilingüe.

5- A normalización do galego: o noso obxectivo
Porque queremos poder falar a nosa lingua con normalidade en todos os contextos, coma calquera outra lingua do mundo. Poñemos as TIC ao servizo da nosa lingua.

Que é un Equipo de Normalización Lingüística?

6- O diálogo como maneira de proceder
Co alumnado, porque é o futuro da nosa lingua. Co profesorado, porque nos vai axudar no labor de promoción do galego. Coas familias, portadoras do legado lingüístico do pasado e do futuro.

7- O galego: do ocultamento do pasado a lingua de futuro
Vemos a luz, non só a sombra: moita xente fala e escribe na nosa lingua. Valoramos o que temos, non só o que quixésemos ter. Valoramos a tradición, pero queremos construír o futuro.

8- As potencialidades do galego: lingua da modernidade
A nosa lingua amplía as capacidades de aprendizaxe. A nosa lingua dá máis posibilidades na sociedade: saber galego é saber máis. A nosa lingua serve para falarmos co mundo através do portugués.

9- Igualdade para a liberdade
Queremos que o alumnado teña un coñecemento do galego para que poida escoller. Queremos dotar de recursos ao galego para poder dispor de oportunidades na elección.

10- O galego: idioma para o futuro colectivo
Sexamos brancos, negros, homes, mulleres, da costa, do interior, calvos, peludos, altos, baixos, adultos ou nenos... é a lingua de todos/as. Queremos ser os transmisores da nosa lingua ás seguintes xeracións, tal como nola transmitiron a nós.

Ollos de aula

O que tes nas túas mans é o primeiro número de *Ollos de aula*, unha revista (revistiña) que chegou a ti grazas ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro no que estuda o teu fillo/a e á Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística. Se todo vai ben, recibírala na túa casa unha vez ao mes.

O obxectivo da publicación é achegarvos información variada ao redor da educación e convidarvos a reflexionar sobre aqueles temas que vos poden preocupar como nais e pais. Ao longo das distintas seccións procurarase darlle resposta ás preguntas que nos formuledes, afondar en temas de actualidade, explicar conceptos propios do ensino ou achegarvos suxestións (lectura, música, viaxes...) para poder compartir cos vosos fillos/as, sen esquecer, loxicamente, a nosa lingua e as reflexións sobre a súa aprendizaxe.

Buscaremos sempre que os artigos sexan asinados por profesionais do ensino ou por especialistas na materia que se trate, co obxectivo de que a información sexa rigorosa e se axuste o máximo posible á realidade que se vive nos centros e nas vosas casas.

Somos conscientes da humildade destas oito follas, pero gustaríanos que *Ollos de aula* fose unha canle de comunicación entre o centro e as familias e poder, así, acompañarvos na difícil tarefa de educar aos vosos fillos/as.



O tema

Di o noso refraneiro que *o que ben empeza, ben acaba*, e iso tamén é aplicable ao curso escolar. Estas son as propostas de M^a Montserrat Castro Rodríguez, profesora da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, para empezar ben o novo ano académico.

6 Claves para empezar ben o curso

1. Fomentar un ambiente positivo cara á escola, tanto cos fillos e fillas coma co resto da comunidade educativa. Unha escola pode funcionar mellor se os distintos integrantes da comunidade educativa participan e buscan un clima de entendemento e de diálogo para promover un proxecto educativo compartido. É moi importante que as familias dialoguen, acudan e interactúen co profesorado, co centro e coa comunidade educativa en xeral.

2. Organizar os espazos e os tempos individuais e colectivos. Tempos e espazos de traballo, tempos e espazos para o lecer individual, para a familia e para as amizades, para o diálogo. A distinción e a identificación das características propias de cada tempo, de cada lugar e dos protagonistas en cada un deles pode contribuír a fomentar o respecto mutuo, a comprensión, a confianza, a responsabilidade e o coñecemento das regras que regulan cada un deles.

3. É importante falar das nosas ocupacións como estudantes e como profesionais. Como che foi o día? Que fixemos? Que satisfaccións houbo? Con que problemas nos atopamos?... Aínda que todos e todas precisamos “desconectar”, e debemos facelo, tamén é importante que os rapaces e rapazas sexan conscientes da importancia de compartir, intercambiar información e reflexións sobre os seus éxitos, preocupacións, dificultades... tendo en conta as características de cada un dos membros.



4. Fomentar a autonomía persoal, propiciando a procura de información, a curiosidade, a observación, a reflexión individual e colectiva... para, a partir de aí, tomar decisións propias e compartidas e favorecer a progresiva asunción de responsabilidades.

5. Aprender do noso contorno, dos outros contornos... é fundamental para o noso propio benestar e o das persoas que nos rodean. Podemos aprender en todos os contextos. A escola é un lugar privilexiado para as aprendizaxes, tamén o é a familia e coa familia. Por este motivo, a familia debe fomentar a curiosidade pola aprendizaxe, xerando para iso un ambiente rico de experiencias e de oportunidades de aprendizaxe, respectando as características de cada un dos seus membros. Sen caer en excesos, nin en saturacións, nin en imposicións, seleccionando e dosificando o necesario, o oportuno, o conveniente, e, especialmente, escoitando, non deixándose levar por intereses que non responden ás verdadeiras características, necesidades, demandas reais dos membros da familia e/ou da familia como colectivo.

6. As nais, os pais... ante o apaixonante e difícil reto que se nos presenta, debemos ser conscientes de que estamos ante un proceso longo e delicado, no que é moi importante **a serenidade e a tranquilidade** para a transmisión duns principios, valores e hábitos básicos nos que se sustente o desenvolvemento xeral dos nosos fillos e fillas. As prásas e o abandono non son bos compañeiros, posiblemente a constancia sexa máis produtiva.



Palabras do ensino

Lines Salgado

{Lei de educación} Moita xente pensa que os colexios e institutos

son unha especie de “repúblicas independentes” nas que a dirección e o profesorado fai e desfai segundo os seus intereses. Incluso hai quen pensa que a zona xeográfica na que vive é a que realmente determina a vida educativa. Pero, a pouco que nos fixemos, veremos que non é así.


Iso débese a que todo o traballo docente está regulado por leis de educación que establecen os principios básicos aos que debe someterse o ensino.

Na actualidade, a lei que regula

o sistema educativo español é a LOE (Lei Orgánica de Educación), que se promulgou no ano 2006. E aínda que nas últimas décadas en España estamos constantemente reformando a lexislación educativa, realmente só houbo tres verdadeiramente fundamentais nos últimos 200

anos: a lei Moyano (do ano 1857), que deixou atrás a educación do Antigo Réxime; a lei Villar (1970), que conseguiu xeneralizar a escolarización dos menores de 14 anos; e a LOGSE, promulgada no 1990, que ampliaba a educación obrigatoria e gratuíta ata os 16 anos. Cada unha delas intentou adecuar o sistema escolar á realidade do momento.

As leis de educación falan de cousas como os anos de escolarización, as etapas educativas, as materias obrigatorias e optativas, os métodos pedagóxicos, os contidos básicos, os criterios para avaliar, pero, sobre todo, deberían ofrecer unha solución ao problema básico do ensino: como crear un sistema de calidade que, ademais, lles dea as mesmas oportunidades a todos e a todas.



CADENCIAS

Gracia Santorum

Para ler...

Artur e Clementina



Educación en igualdade non é tarefa doada na nosa sociedade. Porén, é o único xeito de axudar a formar unha sociedade máis xusta e de aprender a amar sen violencia. O libro que nos ocupa ofrece varias posibilidades: se aínda non saben ler, as imaxes falan por si mesmas. Se saben, Clementina ensinaralles a entender as agresións non físicas, a base de humillacións e menosprezos, que fan un dano irreversible en moitas mulleres.

Este álbum reivindica o rol feminino na sociedade, combate os estereotipos sexistas e a discriminación da muller. Ideal para ler con/aos nosos fillos e fillas.

Para facer

Imos de excursión a... Ponte Taboada!

Cúmpanse 1100 anos da construción da vella Ponte que cruza o río Deza entre as parroquias de Prado e Taboada (concellos de Lalín e Silleda). Encravada nun marco medioambiental moi interesante, pódese contemplar unha parte de Historia, o propio monumento e o antigo camiño real que comunicaba as terras do sur de Galicia coas do centro e norte, e que hoxe forma parte do antigo Camiño Mozárabe de Santiago. As riquezas paisaxísticas inclúen un marco incomparable formado polo encaixe do río Deza no seu curso medio, ademais de poder observar a evolución do desenvolvemento en Galicia: 5 pontes son as que cruzan sobre o río.

Unha fermosa excursión para realizar antes de que comece o inverno! Iso si, debemos ir ben calzados!




Para oír

María Fumaça

O libro-disco gravita arredor de Ruí, un neno cunha parálise cerebral moi severa que, a pesar desa problemática, ten unha gran capacidade para gozar da vida. Máis de 20 temas musicais e 20 vídeos coa participación de Uxía Senlle,

Magín Blanco, Isaac Palacín, Carlos Blanco, Tanxarina Teatro, Quico Cadaval... Algúns dos vídeos foron elaborados con pictogramas para que os nenos con necesidades especiais poidan gozalo. E todo porque cantar e bailar fainos máis felices!



Da lingua

Nos últimos anos en Galicia o debate ao redor do ensino non xirou, por desgraza, ao redor do pedagóxico, senón ao redor do lingüístico. A ninguén pareceu preocuparlle neste tempo se a escola está preparada para educar ao alumnado do século XXI. A cuestión que centrou os esforzos e as enerxías de todo o mundo foi decidir cantas horas e que materias tiñan que impartirse nunha ou noutra lingua. A voracidade do debate foi tal que nin sequera permitiu facer unha reflexión serena sobre cal é o mellor método e o mellor momento para a introdución das linguas estranxeiras.

Vai sendo hora de que superemos este debate e que todos

e todas asumamos que ter unha lingua propia é unha sorte, unha riqueza que temos que transmitir ás futuras xeracións non como unha herdanza inútil senón como unha ferramenta que lles vai abrir portas. Cando teñamos iso claro, resultáramos moito máis fáciles darnos conta de que a escola ten que xogar un papel fundamental nese proceso e que para iso é imprescindible crear espazos nos que o alumnado aprenda non só a nosa lingua, senón que tamén na nosa lingua.

É interesante reflexionar sobre estas cousas e pensar cales son os intereses que están detrás de todo este debate. Dende esta revista estamos convencidos de que as linguas deberían sumar, e non dividir.

